

BASES CONCURSO CALENDARIO 2025

Poderá participar no concurso para elaborar o calendario do ano 2025 toda a comunidade educativa (preferentemente alumnado) do IES MURALLA ROMANA.

A temática do concurso será "Unha Vida Saudable". Non se publicarán nin aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas, nin ningún outro que sexa contrario á legalidade vixente.

As fotografías ou ilustracións presentaranse en formato dixital. Deben ser arquivos preferiblemente JPG ou PNG e con boa resolución (calidade), en formato apaisado. O peso do arquivo non debe superar un máximo de 10 Megabytes (10MB). O nome do arquivo incluírá o curso, nome e primeiro apelido do autor/-a e a palabra elixida para representar a imaxe (diferente ao propio lema). **Exemplo: 1°ESO_A_NomeApelido_lecer.jpg.**

Cada fotografía enviarase por correo electrónico ao enderezo actividadesmuralla@gmail.com co asunto da mensaxe "Vida saudable". Tamén se poderán presentar as fotografías nun lapis de memoria entregándoo ao profesorado responsable desta actividade.

O período de envío de fotografías **remata o 18 de outubro de 2024**, inclusive.

A presentación das fotografías/ilustracións suporá a aceptación e autorización ao IES Muralla Romana para a publicación das mesmas na súa páxina web, medios dixitais, soportes en papel, catálogos etc. Aínda que se manteñen os seus dereitos de autor.

Cada participante poderá presentar un máximo de 2 fotografías e/ou ilustracións. Non se aceptarán traballos realizados por persoas distintas ao autor/-a ou que non sexan propiedade do autor/-a nin tampouco traballos que foran premiadas con anterioridade noutros certames ou concursos.

O participante manifesta e garante que é o/a único/ a titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía/ilustración que presenta a concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.

Formarase un xurado formado por cinco profesores/-as do instituto (1 pertencente ao grupo de biblioteca, 1 representante do equipo directivo, coordinadora do EDLG, 1 de convivencia 1 un representante do persoal non docente. Outorgaranse 1º, 2º e 3º premio entre as imaxes presentadas polo alumnado.

Ademais das tres fotografías premiadas elixiranse outras nove para elaborar o calendario do 2025.

Os criterios, para a elección dos premiados do xurado serán a creatividade, a mensaxe e a calidade artística da fotografía/ilustración. Rematado o prazo de inscrición e envío de fotografías, a publicación **do veredicto do xurado será o 28 de outubro e a entrega de premios terá lugar o 31 de outubro de 2024, no tempo de lecer.**

Aceptación das Bases: O feito de participar no concurso supón a total aceptación das bases e dos termos e condicións. O/A participante declara que as fotografías que presenta a concurso cumpren estritamente os requisitos sinalados nestas bases.